

CONVOCATORIA DO I PREMIO RICARDO FERNÁNDEZ - FERRI Á CREATIVIDADE INDUSTRIAL

Introdución

Dende o seu nacemento hai máis de cincuenta anos, a actividade de Industrias Ferri S.A. ven demostrando que os coñecementos xerados na universidade se difunden á sociedade de xeito máis rápido e efectivo cando existe unha relación estreita entre a investigación e a produción, entre a Universidade e a industria, xa que é esta vinculación a que posibilita a conversión da ciencia e a tecnoloxía en variables estratéxicas do desenvolvemento da nosa sociedade.

Para que esta transferencia de coñecemento no tecido empresarial se produza é clave que se potencie o rendemento do talento tecnolóxico da comunidade universitaria mediante a súa utilización na solución de tarefas, converténdose ao mesmo tempo en creadora de valor económico.

Para Industrias Ferri S.A., cun modelo de negocio baseado na innovación, a captación deste talento tecnolóxico ten na Universidade de Vigo o seu principal aliado, e é por iso que promoveu a sinatura do convenio específico de colaboración entre ambas institucións polo que se convoca o **I Premio Ricardo Fernández - Ferri á creatividade industrial**, coas seguintes

BASES

1. Obxectivo da convocatoria

- Estimular o interese pola investigación e a innovación entre os estudantes e persoas recentemente tituladas pola Universidade de Vigo.
- Dar a coñecer á sociedade o talento tecnolóxico da Universidade de Vigo, así como a importancia da transferencia deste coñecemento no tecido industrial da súa contorna.
- Axudar a estudantes e persoas egresadas na súa posible vocación innovadora.
- Fomentar a cultura científica e tecnolóxica na sociedade amosando os beneficios que proporciona a tecnoloxía e a innovación.

2. Destinatarios

Poderán presentar a súa candidatura ao I Premio Ricardo Fernández - Ferri á Creatividade Industrial:

- As persoas matriculadas na Universidade de Vigo durante o curso 2015/2016 en titulacións oficiais impartidas nas Escolas de Enxeñaría Industrial, Telecomunicacións e Minas e Enerxía.

As propostas poderán ser elaboradas individualmente ou en grupos dun máximo de 4 persoas que, en todo caso, deberán cumprir os anteriores requisitos de participación. As propostas colectivas deberán designar como coordinador a un membro co que se realizarán todas as comunicacións e demais actuacións relativas a esta convocatoria.

Cada participante poderá presentar unha soa proposta ou figurar como membro dun único proxecto colectivo.

A participación neste CONCURSO implica a aceptación plena e sen reservas das presentes Bases.

3. Premio

O obxecto desta convocatoria é premiar o desenvolvemento dunha idea de carácter técnico que supoña unha innovación de proveito industrial nalgunha das áreas de actuación de Industrias Ferri, segundo se establecen no anexo I.

En base ao anterior, outorgarase un único premio en metálico de **3.000 €** á proposta que a comisión de selección considere de maior calidade segundo os criterios de selección establecidos no punto 5 destas bases.

No caso de resultar gañadora unha proposta colectiva o premio repartirase en partes iguais entre tódolos membros que a constitúen.

Excepcionalmente, no caso de que a comisión de selección considere que máis dunha proposta é merecedora do premio, poderá designar varios gañadores que se repartirán o premio en proporción ao número de proxectos premiados.

As contías económicas correspondentes a estes premios serán abonadas aos gañadores directamente pola empresa Industrias Ferri, S.A. en virtude do convenio de colaboración asinado coa Universidade de Vigo o 17 de decembro de 2014, e estarán suxeitas ás retencións fiscais legalmente aplicables no momento do seu abonamento.

4. Solicitudes:

O prazo para presentar candidaturas ao I Premio Ricardo Fernández - Ferri á Creatividade Industrial estenderase dende o día seguinte á publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios da Reitoría da Universidade de Vigo ata o día **30 de xuño de 2016**. Esta inscrición realizarase mediante a presentación no rexistro xeral da Universidade de Vigo, ou en calquera dos seus rexistros auxiliares, da seguinte documentación:

- Formulario de inscrición dispoñible na web da vicerreitoría de estudantes. (<http://estudiantes.uvigo.es/>)
- Copia do Documento Nacional de Identidade / N.I.E. / pasaporte.
- Resgardo de matrícula no caso de estudantes.
- Materiais complementarios en soporte físico (vídeos, medios audiovisuais, simulacións e maquetas de prototipos ou desenvolvementos que aporten valor á proposta) que non sexan susceptibles de seren enviados por vía electrónica.

Dentro do mesmo prazo e dirixido ao mail estudiantes@uvigo.es deberase enviar un correo electrónico co asunto *NOME CANDIDATO + NOME PROXECTO* co que se achegará, en formato pdf e comprimida nunha única carpeta (nome candidato + nome proxecto.zip), a seguinte documentación:

- **Resumo do proxecto.** (No formulario establecido ao efecto, dispoñible na web da vicerreitoría de estudantes <http://estudiantes.uvigo.es/>)
- **Memoria do proxecto.** Extensión máxima de 6 folios.
- **C.V.** das persoas candidatas.

Materiais complementarios: Os proxectos que veñan acompañados de materiais complementarios (fotos, vídeos ou prototipos) susceptibles de seren achegados por vía electrónica, poderán ser enviados nun segundo correo electrónico co asunto *NOME CANDIDATO + NOME PROXECTO + "MATERIAIS COMPLEMENTARIOS"*.

5. Criterios de selección

A comisión de selección procederá á emisión do seu fallo segundo os seguintes criterios:

- Desenvolvemento técnico.
- Orixinalidade.
- Carácter innovador.

- Viabilidade tecnolóxica e comercial.

6. Comisión de selección

Constituirase unha comisión para a selección da proposta gañadora da que formarán parte:

A Vicerreitora de Estudantes ou a persoa na que delegue.

Dous membros do PDI da Uvigo do ámbito da enxeñaría

Tres persoas a proposta de Industrias Ferri

8. Autoría

A presentación dunha candidatura a esta convocatoria e a aceptación das súas bases implica:

- A declaración por parte dos participantes da orixinalidade das propostas.
- A garantía de ser os lexítimos titulares dos devanditos proxectos e de non vulnerar os dereitos de terceiros.

A Universidade de Vigo e Industrias Ferri, como promotor, exímense de calquera responsabilidade que puidese derivar no caso de que a persoa ou persoas autoras presenten obras sen contar coas debidas autorizacións de terceiros con dereitos que puidesen verse afectados, así como polo uso indebido e ilícito que calquera terceiro poida realizar das propostas difundidas.

A convocatoria do premio así como os seus gañadores poderán ser promocionados a través de internet ou outros medios.

9. Dereitos de propiedade industrial e intelectual

A participación nesta convocatoria implica a cesión gratuíta á Industrias Ferri da posibilidade de reproducir, distribuír ou comunicar publicamente os proxectos premiados a revistas, xornais ou outros medios de difusión para as súas actividades de divulgación, tanto no ámbito nacional como internacional.

Se o proxecto non fose premiado o seu autor poderá, trala publicación da resolución, negar a difusión do seu traballo.

Industrias Ferri poderá propoñer, mediante acordo cos autores premiados, o desenvolvemento posterior das súas propostas nas súas instalacións e coa súa colaboración. No caso de que no marco destes desenvolvementos posteriores xurdise un resultado protexible mediante un título de propiedade industrial ou intelectual, Industrias Ferri tería o dereito, pero non a obrigaón, de protexelo, sendo Industrias Ferri o único titular do mesmo, respectando en todo caso e con respecto a todos os participantes dos mesmos o dereito a ser recoñecidos como autores intelectuais e inventores dos mesmos.

A protección e comercialización dos devanditos resultados se levaría a cabo respectando o establecido no preacordo escrito cos autores premiados.

10. Aceptación das bases

O feito de participar en supón a plena aceptación das bases da convocatoria e a conformidade total coas decisións que tomen tanto o Xurado como a Organización.

No caso de incumprir os requisitos incluídos nestas bases, a presentación do proxecto non se considerará válida.

ANEXO I

ÁREAS DE ACTUACIÓN

A. Naval.

1. Sistemas LARS: A-frames, brazos telescópicos ou articulados, grúas e pescantes para embarcacións de superficie ou mergullables.
2. Grúas navais: articuladas, telescópicas ou grúas fixas.
3. Equipos para a posta á boia e recuperación de embarcacións de traballo. Pescantes e sistemas para botes.
4. Equipos para manexo de cargas e defensas.
5. Chigres e maquinillas de arrastre e remolque.

B. Enerxía

6. Grúas para parques eólicos offshore.
7. Grúas para termináis de regasificación, gas e GNL.
8. Sistemas automáticos.

C. Perforación e demolición

9. Perforación hidráulica
10. Perforación neumática
11. Robots de demolición

D. Robótica

12. Robot de demolición
13. Teleoperación
14. Dron